




INFANTIL



CINCO MINUTOS DE PAZ
 Editorial: Kalandraka
 Mamá grande só quere uns minutos de paz e tranquilidade na súa bañeira quente, escumosa e chea de burbullas....

CANTA CONNOSCO
 Editorial: Kalandraka
 No 20.º aniversario deste sobranceiro traballo musical, a edición conmemorativa en formato libro-dvd recupera as cancións que fixeron bailar a moitas xeracións.



SAR, SARELA E OS MONSTROS DE COMPOSTELA
 Editorial: Kalandraka
 En unha insólita viaxe, dous gatos percorren os tellados de Compostela onde habitan monstros de toda especie...

NIMBUS
 Editorial: Salvatella
 Nimbus é unha nube que se sente ben e tranquila no ceo azul. Pero un día chega o vento e sopra forte para apartala cando ela non quere moverse...



*O Nadal sempre é
 sinxelo e ventureiro
 nese río misterioso
 de alcipreses dormidos
 que medran en ti,
 Compostela da estrela.*

Manuel María, "Soledad"



Equipo de biblioteca

NADAL 2016



CAMIÑO DE SANTIAGO



Bibliotecas
 escolares
 de Galicia

RECOMENDACIÓNS LECTORAS

"Biblio Tilandra"

Biblioteca do C.E.I.P. Os Tilos




PRIMEIROS LECTORES



**PABLO DÍAZ E A BANDA
TIC TAC TOC**
Editorial: Galaxia
Desta volta, coa banda TIC TAC TOC, lévanos de viaxe polo mundo todo!

AXENTE RICIÑOS

Editorial: Xerais
Non hai detalle que escape á lupa de Riciños de Ouro, a nena máis curiosa do bosque. Sopas a temperatura volcánica? Colchóns de cama que eslombarían ata unha estatua? A axente Riciños resolve o crime antes de que se cometa.



O COCIÑEIRO MARTIÑO

Editorial: Xerais
No palacio real andan buscando alguén para traballar nas cocinas. Unha persoa que saiba guisar, asar e cocer para reis, raíñas, marquesas, duquesas e príncipes de todas as cores e condicións... Martiño quiere preparar o mellor biscoito da súa vida, pero antes ...



SERIE MARCOPOLA

Editorial: Xerais
MARCOPOLA, antes de chamarse Marcopola, era unha illa illada no medio do océano, e aburriase moito. Todo cambiou aquela mañá en que un estraño obxecto apareceu na súa praia.



LECTORES EN MARCHA




QUEN DÁ A QUENDA?

Editorial: Xerais
Agochada nunha fraga está a cabana na que desde hai máis dun século ten o seu consultorio a meiga Divina. Ata aquí veñen clientes das máis diversas procedencias. Pero non pensesdes que só as persoas se achegan ata o consultorio de Divina.


EL NIÑO BISIESTO

Editorial: Kalandraka
Daniel tivo a boa, ou mala sorte, de nacer un 29 de febreiro. Alcumado Bisiesto no colexio, terá que empregar todo o seu enxeño para superar moitas situacións inauditas, complexas e mesmo perigosas.



QUIQUE NA ALDEA

Editorial: Bolanda
Quique é un neno que vive nunha vila e que descobre todos os encantos da aldea un verán que pasa cos avós.



SOCCER IN THE STREET

Editorial: Oxford (Col. Oxford read and imagine)
Ben vai xogar un partido de fútbol e quere unas botas de fútbol novas. Por outra banda, un rapaz chamado Victor xoga fútbol na rúa. É un xogador fantástico. Descubre como chegan a ser bos amigos e o que Ben aprende.

LECTORES AVANZADOS





TODO O TEMPO DO MUNDO

Editorial: Xerais
Ariadna lembra aqueles vinte días felices que pasaron entre a mañá en que chegou á aldea na furgoneta dos panadeiros e a mañá en que Valente, o seu avó, a deixou no aeroporto, camiño de Canadá, onde emigraron os seus pais despois de ser despedidos do traballo.

HUELLAS SECRETAS EN EL CAMINO

Editorial: Edebé
Un grupo de amigos prepáranse para percorrer andando o Camiño de Santiago, grazas á invitación da prima xornalista de Cris. Pero ignoran as aventuras que lles deparará o Camiño: misterios, ataques e sorpresas continuas escala tras escala. Inclúe un álbum de fotos das diferentes etapas do Camiño de Santiago, coas súas igrexas e monumentos máis importantes.



DENÉBOLA, A ROXA

Editorial: Baía Edicións
Novela de aventuras que relata o desafío dunha muller brava nun mundo de homes. Un exemplo de como a afouteza e a perseveranza conseguen derrubar todas as barreiras.

DAY OF THE DINOSAURS

Editorial: Oxford (Col. Oxford read and imagine)
Era un día normal e Rosie e Alice atopábanse no xardín traseiro cando detrás duns arbustos notan que algo estraño está sucedendo... Ao mesmo tempo Ben e Max andan á procura do seu avó... Que está a pasar ese día?

